

5 f e b r e i r o | 2 0 : 3 0 h | 20^{14/15}

J A V I E R P E R I A N E S | p i a n o

O clamor entusiasta da crítica e da audiencia confirma o estatus de Javier Perianes como un dos artistas españois máis destacados do panorama concertístico actual.



Javier Perianes, recente "Premio Nacional de Música 2012", actuou en prestixiosas series de concertos en todo o mundo, incluíndo o Carnegie Hall de Nova York, Concertgebouw de Ámsterdam, Royal Festival Hall, Barbican e Wigmore Hall de Londres, Suntory Hall de Toquio e o Teatro dos Campos Eliseos de París. Así mesmo colaborou con prestixiosos directores como Barenboim, Frühbeck de Burgos, Mehta, López Cobos, Pons, Mena, Tilson Thomas, Harding, Temirkanov e Maazel, entre outros.

Os seus proxectos discográficos con Harmonia mundi foron recibidos de maneira entusiasta pola crítica internacional. Entre eles inclúense os Impromptus e Klavierstücke de Schubert, sonatas para teclado de Manuel Blasco de Nebra, Música Callada de Mompou, a música para piano de Manuel de Falla xunto a Noches en los Jardines de España coa BBC Symphony e Josep Pons (nominado aos Grammy Latinos), Moto perpetuo, un CD dedicado a sonatas de Beethoven e ... les sons et les parfums, con obras de Chopin e Debussy. O seu último traballo discográfico está dedicado ás obras para piano de Mendelssohn.

Compromisos durante esta temporada 14/15 inclúen actuacións coa Orchestre de París, Copenhagen Philharmonic, BBC Symphony, BBC Philharmonic, City of Birmingham, San Francisco Symphony, Orchestre de Lión, Atlanta Symphony, Sinfónica de São Paulo, Filharmónico de San Petersburgo ... así como recitais, Madrid, Xenebra, Ravinia Festival, Marsella, San Petersburgo, Rio de Janeiro...

www.javierperianes.com

PROGRAMA

I Parte

- Franz Peter Schubert (1797-1828),
Allegretto D915.
Sonata D 960 en Si bemol Maior

II Parte

- Claude Debussy (1862-1918)
Preludios (selección)
- Manuel de Falla (1876-1946),
Fantasia Baetica